# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

**Decembro 2024**

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2025


**Instituto Galego de Estatística**
**Complexo Administrativo San Lázaro s/n**
**15703 Santiago de Compostela (A Coruña)**
**Contacto: http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?**
**Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)**
**FAX: 981.54.13.23**
**Páxina Web : http://www.ige.eu**

## Indicador de actividade do sector servizos. Base 2021. Decembro 2024

- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de decembro en Galicia un crecemento do 8,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 6,5 puntos á do mes de novembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 4,8%, taxa superior en 4,3 puntos á do mes anterior.
- No conxunto do ano, o índice da cifra de negocios incrementouse un 3,4% en Galicia e un 3% en España.
- A cifra de negocios aumenta en todas as comunidades autónomas no mes de decembro.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 1,2% e en España un 1,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- No conxunto do ano, o persoal ocupado incrementase un 1,3% en Galicia e un 1,8% en España.
- En dezaseis comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no mes de decembro.

### Indicador de actividade do sector servizos. Decembro 2024

**Taxa de variación do índice xeral e achegas dos seus compoñentes en %**




| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|---|---|---|---|
| | | Interanual | Media 2024 |
| **Xeral** | 142,3 | 8,5 | 3,4 |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 147,6 | 18,7 | 17,6 |
| Comercio por xunto | 142,4 | 10,5 | 0,1 |
| Comercio ao retallo | 145,8 | 3,9 | 3,3 |
| Transporte | 130,4 | 12,6 | 7,7 |
| Hostalería | 159,7 | 4,0 | 3,5 |
| Información e comunicacións | 146,8 | -1,8 | 11,1 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 160,3 | 7,1 | 5,7 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 120,2 | 4,7 | 6,5 |

## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de decembro en Galicia un crecemento do 8,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 6,5 puntos á do mes de novembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 4,8%, taxa superior en 4,3 puntos á do mes anterior.




O *Comercio*, cun crecemento do 9,3%, suma 6,7 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 6,3%. En España a facturación no *Comercio* aumenta o 4,4% e nos *Outros servizos* medra o 5,4%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* rexistra un aumento do 10,5% e o *Comercio ao retallo* aumenta o 3,9%, co que suman 4,9 e 0,8 puntos respectivamente a taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* medra o 18,7% e achega 1 punto á taxa de variación do índice xeral. A nivel nacional, a *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 7,1%, o *Comercio por xunto* o 4% e o *Comercio ao retallo* o 4,2%.

Nos *Outros servizos*, os maiores crecementos rexístranse no *Transporte* (12,6%).

En España, os *Outros servizos* crecen o 5,4%. O maior incremento prodúcese no *Transporte* (8%).

No conxunto do ano, a cifra de negocios aumenta un 3,4% en Galicia e un 3% en España. A *Venta e reparación de vehículos de motor* rexistra o maior incremento tanto en Galicia como

en España mentres que *Comercio por xunto* é o sector con menor crecemento en Galicia (0,1%) e o único que decrece en España (-1%).

### 1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice crece o 8,8% no mes de decembro e o 6,9% na media do ano 2024.

O sector con maior incremento é o *Transporte* (12,8%).

### 1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 5,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 7,5%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



## 1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de decembro, a cifra de negocios aumenta en todas as comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior. Galicia (8,5%), Illes Balears (8,2%) e Comunitat Valenciana (8,2%) son as comunidades con maior incremento da facturación. O menor crecemento rexístrase en Madrid (2,5%), Extremadura (3,0%) e País Vasco (3,3%).

No conxunto do ano, todas as comunidades autónomas presentan taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse en La Rioja (9,6%) e Illes Balears (7%).

**Índices de cifra de negocios. Decembro 2024**

**Taxa de variación en %**




# 2. Persoal ocupado

## 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,2% respecto ao mes de decembro de 2023, menos que en España (1,7%).

O persoal ocupado crece un 0,5% no *Comercio* e un 1,6% nos *Outros servizos*. O sector con maior incremento é *Transporte* (4,1%).

En España, o persoal ocupado aumenta un 1,6% no *Comercio* e un 1,7% *Outros servizos*. O maior crecemento rexístrase nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (2,4%).




No conxunto do ano, a ocupación aumenta un 1,3% en Galicia e un 1,8% en España. *Venda e reparación de vehículos de motor* e *Información e comunicacións* rexistran os maiores incrementos en Galicia. En España, os maiores crecementos rexístranse en *Venda e reparación de vehículos de motor*, *Hostalería* e *Actividades administrativas e servizos auxiliares*.

## 2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de decembro con respecto ao mesmo mes do ano 2023 agás Pais Vasco (-0,2%). Os maiores crecementos rexístranse en Illes Balears (2,9%) e Canarias (2,7%).

Na media do ano, todas as comunidades incrementan o persoal ocupado, rexistrando o maior crecemento Canarias (3,2%) e o menor Extremadura (0,8%).

## Índices de persoal ocupado. Decembro 2024

### Taxas de variación en %



## Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

## Anexo cadros

**Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Decembro 2024**

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | |
|---|---|---|---|
| | | INTERANUAL | Media 2024 |
| **Galicia** | | | |
| **Xeral** | **142,3** | **8,5** | **3,4** |
| **Comercio** | **144,0** | **9,3** | **2,2** |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 147,6 | 18,7 | 17,6 |
| Comercio por xunto | 142,4 | 10,5 | 0,1 |
| Comercio ao retallo | 145,8 | 3,9 | 3,3 |
| **Outros servizos** | **137,9** | **6,3** | **6,8** |
| Transporte | 130,4 | 12,6 | 7,7 |
| Hostalería | 159,7 | 4,0 | 3,5 |
| Información e comunicacións | 146,8 | -1,8 | 11,1 |
| Actividades inmobiliarias | * | * | * |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 160,3 | 7,1 | 5,7 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 120,2 | 4,7 | 6,5 |
| **España** | | | |
| **Xeral** | **135,7** | **4,8** | **3,0** |
| **Comercio** | **132,1** | **4,4** | **1,4** |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 138,9 | 7,1 | 8,1 |
| Comercio por xunto | 122,5 | 4,0 | -1,0 |
| Comercio ao retallo | 150,9 | 4,2 | 3,8 |
| **Outros servizos** | **142,3** | **5,4** | **5,8** |
| Transporte | 133,1 | 8,0 | 4,5 |
| Hostalería | 143,8 | 4,4 | 7,8 |
| Información e comunicacións | 144,7 | 4,6 | 5,0 |
| Actividades inmobiliarias | 145,1 | 7,8 | 2,9 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 158,7 | 2,7 | 6,7 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 150,7 | 6,6 | 7,0 |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Decembro 2024**

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | |
|---|---|---|---|
| | | INTERANUAL | Media 2024 |
| **Galicia** | | | |
| Xeral | 146,3 | 8,8 | 6,9 |
| Comercio | 146,7 | 12,1 | 6,8 |
| Transporte | 130,1 | 12,8 | 8,2 |
| Hostalería | 167,4 | 5,0 | 3,5 |
| Información e comunicacións | 152,4 | -1,9 | 12,1 |
| Actividades inmobiliarias | * | * | * |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 154,4 | 10,1 | 10,8 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 123,2 | 6,7 | 7,4 |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Decembro 2024

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | |
|---|---|---|---|
| | | INTERANUAL | Media 2024 |
| **ESPAÑA** | **135,7** | **4,8** | **3,0** |
| Andalucía | 140,4 | 4,5 | 4,4 |
| Aragón | 129,8 | 6,8 | 0,2 |
| Asturias | 140,5 | 7,0 | 5,2 |
| Balears, Illes | 116,6 | 8,2 | 7,0 |
| Canarias | 168,6 | 5,8 | 5,4 |
| Cantabria | 129,4 | 3,9 | 5,3 |
| Castilla y León | 132,7 | 4,9 | 3,9 |
| Castilla-La Mancha | 134,4 | 6,1 | 4,8 |
| Cataluña | 131,1 | 4,9 | 3,3 |
| Comunitat Valenciana | 135,0 | 8,2 | 4,7 |
| Extremadura | 132,9 | 3,0 | 3,7 |
| **GALICIA** | **142,3** | **8,5** | **3,4** |
| Madrid | 137,3 | 2,5 | 0,7 |
| Murcia | 129,3 | 4,4 | 2,4 |
| Navarra | 136,6 | 7,9 | 5,3 |
| País Vasco | 129,3 | 3,3 | 0,7 |
| Rioja, La | 140,5 | 6,5 | 9,6 |

Fonte: INE

### Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Decembro 2024

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | |
|---|---|---|---|
| | | INTERANUAL | Media 2024 |
| **Galicia** | | | |
| **Xeral** | **106,2** | **1,2** | **1,3** |
| **Comercio** | **103,9** | **0,5** | **0,6** |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 100,7 | 3,5 | 3,6 |
| Comercio por xunto | 102,9 | -1,1 | 0,4 |
| Comercio ao retallo | 105,2 | 0,8 | 0,1 |
| **Outros servizos** | **107,7** | **1,6** | **1,8** |
| Transporte | 106,4 | 4,1 | 2,4 |
| Hostalería | 111,9 | -1,7 | 0,3 |
| Información e comunicacións | 110,9 | -0,1 | 2,9 |
| Actividades inmobiliarias | * | * | * |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 108,1 | 2,5 | 2,4 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 105,7 | 3,4 | 2,2 |
| **España** | | | |
| **Xeral** | **107,6** | **1,7** | **1,8** |
| **Comercio** | **106,7** | **1,6** | **1,7** |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 105,2 | 2,2 | 2,2 |
| Comercio por xunto | 106,2 | 1,3 | 1,5 |
| Comercio ao retallo | 107,3 | 1,7 | 1,9 |
| **Outros servizos** | **108,1** | **1,7** | **1,8** |
| Transporte | 108,7 | 1,2 | 1,2 |
| Hostalería | 108,8 | 2,2 | 2,2 |
| Información e comunicacións | 111,9 | 0,8 | 1,7 |
| Actividades inmobiliarias | 100,9 | 0,6 | -0,4 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 107,6 | 1,5 | 1,8 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 107,4 | 2,4 | 2,2 |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas. Decembro 2024**

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | |
|---|---|---|---|
| | | INTERANUAL | Media 2024 |
| **ESPAÑA** | **107,6** | **1,7** | **1,8** |
| Andalucía | 107,9 | 2,2 | 1,8 |
| Aragón | 104,7 | 2,0 | 2,1 |
| Asturias | 104,9 | 0,0 | 1,0 |
| Balears, Illes | 95,0 | 2,9 | 1,8 |
| Canarias | 114,1 | 2,7 | 3,2 |
| Cantabria | 103,1 | 1,9 | 1,3 |
| Castilla y León | 103,3 | 0,1 | 1,0 |
| Castilla-La Mancha | 107,5 | 2,2 | 1,3 |
| Cataluña | 108,0 | 1,5 | 2,0 |
| Comunitat Valenciana | 106,7 | 1,6 | 1,5 |
| Extremadura | 105,7 | 0,2 | 0,8 |
| **GALICIA** | **106,2** | **1,2** | **1,3** |
| Madrid | 111,4 | 2,2 | 2,1 |
| Murcia | 105,8 | 0,8 | 1,5 |
| Navarra | 107,9 | 2,6 | 1,5 |
| País Vasco | 103,8 | -0,2 | 1,0 |
| Rioja, La | 105,8 | 0,1 | 1,4 |

Fonte: INE